

ACORDOS ACADADOS O 1 DE OUTUBRO NA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO ENTRE OS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE e do BNG

- 1.-Creación, ao longo do ano 2020, dun Consello Económico e Social que sexa un marco de diálogo e consulta permanente cos axentes sociais, tendo entre as primeiras tarefas a elaboración dun plan de desenvolvemento e industrialización para A Coruña e área metropolitana.
- 2.-Impulso á creación do parque da Agra do Orzán, acorde coas necesidades do barrio. Con tal fin, inicio das negociacións co Goberno do Estado para demandar a cesión ou permuta dos terreos do Observatorio e transformar a súa edificabilidade en zonas verdes.
- 3.-Creación no ano 2020 dun Servizo Municipal de Mediación, co obxecto de reducir a litixiosidade en asuntos que afecten á actuacións municipais.
- 4.-Plan de mellora da casa de acollida ás mulleres vítimas da violencia de xénero, co compromiso de incrementar a dotación orzamentaria con tal fin.
- 5.-Potenciación do servizo de canguraxe, incrementando os seus recursos e mellorando as prestacións.
- 6.-Elaborar un plan cuatrienal 2020-2023 para habilitar espazos públicos destinados á mocidade nos distintos barrios da cidade.
- 7.-Creación da Semana e da Festa do libro.